



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	Metodoloxía da investigación por enquisas		Código	615G01303
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Ferrín Pereira, Mónica	Correo electrónico	monica.ferrin.pereira@udc.es	
Profesorado	Ferrín Pereira, Mónica	Correo electrónico	monica.ferrin.pereira@udc.es	
	Suárez Grimalt, Laura		laura.suarez.grimalt@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo xeral desta materia é coñecer e entender os procesos na realización dunha investigación mediante enquisa tanto no ámbito académico coma noutros ámbitos profesionais: desde o deseño, á posta en práctica, á análise dos datos e ao informe de resultados.			



Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Sesión maxistral (non computará na nota) Prácticas de laboratorio (computará na nota) Proxecto de investigación (computará na nota) Proba obxectiva (computará na nota) Atención personalizada *Metodoloxías docentes que se modifican Presentación oral: non se realizará. A avaliación desta metodoloxía incorpórase á realización do proxecto de investigación, que se acompañará dunha presentación power-point do traballo. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado - Correo electrónico: Diariamente. De uso para calquera tipo de consulta relacionada coa asignatura e solicitar titorías virtuais. A menos que haxa problemas técnicos, todas as comunicacións individuais se deberán dirixir preferentemente por esta vía. - Moodle: Diariamente. Para promover a participación do alumnado e a comprensión dos contidos usaranse os foros temáticos asociados aos módulos da materia, na que o estudantado poida formular as consultas necesarias. Estes foros tamén se abrirán para a comunicación sobre os traballos de investigación (só accesibles aos membros do grupo), de maneira que se poida facer o seguimento do traballo de investigación. - Teams: unha sesión semanal para todos/as alumnos/as na que se discuten os contidos teóricos, na franxa horaria que téñ asignada a materia no calendario de aulas da facultade. Outra sesión semanal en grupos reducidos na que se levan a cabo as prácticas de laboratorio, tamén na franxa horaria que téñ asignada a materia no calendario de aulas da facultade. Ademais do uso de voz, promoverase o uso do chat entre os alumnos para que a resolución de dúbidas sexa o máis eficiente posible. Unha vez ao mes aproximadamente organizarase unha sesión de Teams con cada un dos grupos dos traballos de investigación para completar o seguimento realizado a través de Moodle. 4. Modificacións na avaliación Prácticas de laboratorio (10%) - Entrega de dúas prácticas nas datas establecidas Proxecto de investigación (50%). En relación ao proxecto de investigación valorarase: - A adecuación da metodoloxía aos obxectivos da investigación - O axuste entre os obxectivos e os conceptos a medir - A calidade da operacionalización - A calidade do cuestionario - O uso adecuado do software para a realización do cuestionario online - O uso das técnicas estatísticas adecuadas para a análise dos datos - A presentación dos resultados - A calidade da presentación power-point (que substitúe a presentación oral) Proba obxectiva (40%): comprenderá preguntas curtas e/ou de resposta múltiple, administrarse online en formato enquisa. *Observacións de avaliación: Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, cambiando o peso de cada unha das partes na avaliación global, tal e como se indica máis arriba. Unicamente non computarán na nota final a participación nas sesións maxistrais.
-----------------------------	--



5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Non se realizarán cambios. Os materias de traballo poñeranse a disposición de forma dixitalizada no Moodle.



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
O/a estudante identificará os potenciais usos da metodoloxía de enquisa	A5 A15 A17 A26	B3 B5 B13 B25 B27	C4 C6 C8
O/a estudante poñerá en relación a metodoloxía de enquisa con outras materias do grao, o TFG e diferentes ámbitos profesionais	A5 A13 A15	B3 B5 B13 B25 B27	C4 C6 C8
O/a estudante identificará as fases no deseño e aplicación dunha enquisa	A7 A14 A15 A16 A20 A21 A27 A34	B3 B13 B17 B21	C3 C4
O/a estudante recordará os aspectos fundamentais a considerar na elaboración dunha enquisa de calidade	A7 A13 A14 A15 A16 A20 A34	B17 B21	C6
O/a estudante coñecerá e usará os programas informáticos de aplicación para o desenvolvemento e análise dunha enquisa	A5 A7 A14 A16	B3 B7	C3
O/a estudante desenvolverá un proxecto de investigación utilizando a metodoloxía de enquisa	A7 A15 A16 A20	B1 B2 B3 B4 B10 B12 B13 B18 B23	C1 C4 C8
O/a estudante defenderá, mediante una presentación oral, o proxecto de investigación	A24	B6 B10 B12 B25 B27	C1 C3 C4



Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1: Introdución á metodoloxía de enquisas	Breve historia da enquisa Usos da metodoloxía de enquisas no ámbito académico e noutros ámbitos profesionais
TEMA 2: Ética e protección de datos	A ética na realización dunha enquisa Protección e tratamento dos datos de enquisa
TEMA 3: Fases no deseño e aplicación dunha enquisa	As fases no deseño e aplicación dunha enquisa: medida e representación Validez interna e validez externa A relación entre as fases no deseño e aplicación dunha enquisa e outras materias do grao e o TFG
TEMA 4: Do concepto ao desenvolvemento do cuestionario	Identificación dos obxectivos e os conceptos Operativización dos conceptos Tipos de preguntas e implicacións O desenvolvemento do cuestionario A calidade das medidas A calidade co cuestionario
TEMA 5: Deseño da mostra e traballo de campo	Universo, poboación e mostra: deseño da mostra Deseño e documentación do traballo de campo O papel do/a entrevistado e do/a entrevistador/a Control e calidade do traballo de campo
TEMA 6: Rexistro e análise de datos	A codificación e rexistro dos datos Programas informáticos de aplicación para rexistro de datos Análise e interpretación dos datos
TEMA 7: Informe e presentación de resultados	A elaboración dun informe A presentación dos resultados a diferentes públicos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A5 A7 A13 A16 A20 A21 A26 A27 A34 C4 C6 C8	20	30	50
Prácticas de laboratorio	A14 A16 A17 B1 B2 B4 B5 B7 B12 B23 B25 C3	20	20	40
Investigación (Proxecto de investigación)	A15 A16 B1 B2 B3 B4 B7 B10 B12 B13 B17 B18 B27 C4	16	16	32
Presentación oral	A15 A24 B6 B12 B13 C1	5	5	10
Proba obxectiva	A7 A14 B3 B5 B21	4	4	8
Atención personalizada		10	0	10
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	Exposición oral por parte da profesora dos aspectos fundamentais da materia. As exposicións complementarase co uso de medios audiovisuais e a introducción de temas para debate por parte do estudiantado. Propiciarase a participación na clase tanto de alumnas como de alumnos. Na medida en que o desenvolvemento da materia o permita, invitaráanse profesionais de distintas disciplinas a participar nas sesións maxistrais.
Prácticas de laboratorio	Realización de actividades de carácter práctico, relacionadas coa materia impartida nas sesións maxistrais. A maioría das actividades de prácticas desenvolveráse en grupos.
Investigación (Proxecto de investigación)	Realización dun proxecto de investigación con metodoloxía de enquisa. O proxecto de investigación realizarase en grupos.
Presentación oral	Presentación oral do proxecto de investigación desenvolvido durante o curso ao resto dos estudantes.
Proba obxectiva	Realizarase unha proba obxectiva para valorar a correcta comprensión e aplicación dos contidos da materia. Estará composta por preguntas curtas e/ou de resposta múltiple.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Investigación (Proxecto de investigación)	As titorías desenvolveranse preferentemente de forma online, a través de Teams ou calquera outra plataforma que se estime oportuna.
Prácticas de laboratorio	O horario das titorías comunicárase no inicio do cuatrimestre. O alumnado pode pedir cita por adiantado via email, para concertar a titoría online.
Presentación oral	Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao inicio do curso un calendario específico de titorías compatible coa súa situación.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Investigación (Proxecto de investigación)	A15 A16 B1 B2 B3 B4 B7 B10 B12 B13 B17 B18 B27 C4	O proxecto de investigación en grupo contribuirá ao 40% da nota final. Fixarase unha data límite para a entrega do proxecto de investigación. Non se admitirá o proxecto de investigación para avaliación fóra de prazo. O proxecto de investigación solicitaráse en formato dixital.	40



Prácticas de laboratorio	A14 A16 A17 B1 B2 B4 B5 B7 B12 B23 B25 C3	Valorarase a asistencia ás prácticas de laboratorio e a participación activa do estudiantado nas prácticas que se propoñan. Os/as estudantes deberán entregar un mínimo de dúas das prácticas realizadas no laboratorio para a súa avaliación. A asistencia e participación do estudiantado e a entrega das prácticas contribuirá ao 10% da nota final. Fixarase unha data límite para a entrega de cada unha das prácticas. Non se admitirán as prácticas para avaliación fóra de prazo. As prácticas solicitaranse en formato dixital.	10
Sesión maxistral	A5 A7 A13 A16 A20 A21 A26 A27 A34 C4 C6 C8	Valorarase a asistencia ás sesións maxistras e a participación nos debates que se propoñan na aula. A asistencia e participación nas clases maxistras do estudiantado contribuirá ao 10% da nota final.	10
Presentación oral	A15 A24 B6 B12 B13 C1	A presentación oral do traballo de investigación contribuirá ao 10% da nota final.	10
Proba obxectiva	A7 A14 B3 B5 B21	Realizarase unha proba obxectiva que contribuirá ao 30% da nota final.	30

Observacións avaliación

O sistema de avaliación que se prantexa é de avaliación continua, no que cada unha das partes ten un peso específico para o cómputo da nota final da materia. Se un/ha alumno/a non presentase a calquera dos seguintes elementos de avaliación tería como nota na avaliación continua un "non presentado":- prácticas de laboratorio- proxecto de investigación- presentación oral- ou proba obxectiva No caso de que a nota na avaliación continua sexa un "non presentado" ou que non se obteñan os mínimos esixidos para superar a materia polo sistema de avaliación continua (é dicir que non se supere o 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación), os estudantes poderán presentarse a unha proba obxectiva única que comprenderá toda a materia. Esa proba obxectiva constará de preguntas curtas e/ou de resposta múltiple e de exercicios prácticos. A proba obxectiva única farase nas datas que estableza o centro nos calendarios oficiais de exames.

O alumnado que se acolla ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica de exención de asistencia terá que avaliarse, preferentemente, mediante a realización da proba obxectiva única.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Alvira Martín, F. (2011). La encuesta: Una perspectiva general metodológica. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas. - Azofra, M.J. (1999). Cuestionarios. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas. - Cea D'Ancona, M.A (2004). Métodos de encuesta: Teoría y práctica, errores y mejora. Madrid: Síntesis - Díaz de Rada, V. (2001). Organización y gestión de los trabajos de campo con encuestas personales y telefónicas. Barcelona: Ariel - Díaz de Rada, V. (2002). Tipos de encuestas y diseños de investigación. Pamplona: Universidad Pública de Navarra - Díaz de Rada, V. (2009). Análisis de datos de encuesta: Desarrollo de una investigación completa utilizando SPSS. Barcelona: UOC - Font, J. e Pasadas, S. (2016). Las encuestas de opinión. Madrid: Catarata; CSIC - Saris, W. (2014). Design, evaluation, and analysis of questionnaires for survey research. Hoboken: Wiley - Wolf, C., Joye, D., Smith, T.W., and Y. (2016). The SAGE Handbook of Survey Methodology. Los Angeles: Sage
Bibliografía complementaria	https://www.europeansocialsurvey.org/data/ https://www.europeansocialsurvey.org/data/



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Estatística aplicada ás ciencias sociais 1/615G01101
Métodos e técnicas de Investigación social/615G01105
Estatística aplicada ás ciencias sociais 2/615G01201
Análise multivariante de datos sociais/615G01206

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías